

REVISTA GALEGA DE HISTORIA

MRG
ZLIA

www.revistamurguia.com

Dirección

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

Coordenación

Sara Carou García
Prudencio Viveiro Mogo

Secretaría editorial

Miguel García-Fernández

Consello editorial

Sara Carou García, Prudencio Viveiro Mogo, Alberte Lago Villaverde e
Montserrat Golías Pérez.

Consello consultor externo

Fernando Acuña Castroviejo (1945-2016), Catedrático de Arqueoloxía,
Universidade de Santiago de Compostela.

Xusto Beramendi, Catedrático de Historia Contemporánea,
Universidade de Santiago de Compostela.

Pilar Cagiao Vila, Profesora Titular de Historia de América,
Universidade de Santiago de Compostela.

Silmara Cimbalista, Profesora Doutora en Ciencias Humanas,
Universidade Federal de Santa Catarina, Brasil.

Xosé Estévez Rodríguez, Instituto Galego de Historia.

Lourenzo Fernández Prieto, Catedrático de Historia Contemporánea,
Universidade de Santiago de Compostela.

Jacobo García Álvarez, Profesor Titular de Xeografía Humana,
Universidad Carlos III de Madrid.

Álvaro Xosé López Mira, Profesor Titular de Ciencia Política e da Administración,
Universidade de Vigo.

Xerardo Pereiro Pérez, Profesor de Antropoloxía e investigador efectivo do CETRAD,
Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro -UTAD.

Pegerto Saavedra Fernández, Catedrático de Historia Moderna,
Universidade de Santiago de Compostela.

Carlos Velasco Souto, Profesor Titular de Historia Contemporánea,
Universidade da Coruña.

REVISTA GALEGA DE HISTORIA

MURGUIA

www.revistamurguia.com

Revisión lingüística**GALEGO**

Miguel García-Fernández

GALEGO-INGLÉS/INGLÉS-GALEGO

Cameron Watson

Maquetación

Martíño Cabana Otero

[Edicións da Curuxa]

Deseño base e impresión

Sacauntos Cooperativa

Publicidade e contacto

secretaria.editorial@revistamurguia.com

Distribución

Consortio Editorial Galego

Edita

Instituto Galego de Historia (IGALHIS)

www.revistamurguia.com

Recepción de orixinais e subscricións

Murguía, Revista Galega de Historia

Apartado de Correos 1.010

15.706 Compostela (Galiza)

secretaria.editorial@revistamurguia.com

ISSN

1696-9197

Depósito Legal

C-1640-2003

Indexada en:

Murguía, Revista Galega de Historia garante a rigurosa lectura, análise e selección de orixinais, revisados polo sistema de ‘pares cegos’; con todo, non comparte necesariamente o contido dos textos asinados polos seus autores e/ou autoras. *Murguía, Revista Galega de Historia* sae do prelo nos meses de xuño e decembro.

Editorial

9

Fontes

Novas achegas documentais para o estudo da realidade monástica da Ribeira Sacra:
tres pergamiños inéditos de Santa Cristina de Ribas de Sil (ss. XV-XVI)

Miguel García-Fernández & Ricardo Pichel

13

A Biblia Kennicott: o percorrido vital dun tesouro bibliográfico

Susana Guitart Novo

43

Achada a acta fundacional da “Mocidade Galeguista” de Celanova

Pablo Sánchez Martínez

55

A Investigación

Algunhas propostas para unha mellora do sector arqueolóxico galego hoxe (I)

Víctor José Barbeito Pose & Julián Bustelo Abuín

67

Articulística de Antón Villar Ponte sobre Cuba

Emilio Xosé Ínsua

87

Repressão franquista e resiliência civil: o processo de depuração do
mestre republicano Manuel Vidal Portela

Oscar Diaz Fouces

123

O exilio dos últimos guerrilleiros de León-Galicia (1948-1952)

Odette Martínez-Maler

153

Exilio e asilo en Francia en 1951

Francisco Martínez López *El Quico*

173

Antecedentes e historia da Universidade de Santiago de Compostela
Erros informativos na web institucional

Antón Costa

191

A Entrevista

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés

Miguel García-Fernández

213

Lembranzas

Isaac Díaz Pardo

CDD/UBDC

225

Museos, Archivos, Bibliotecas e Lugares

Museu de Artes e Ofícios de Belo Horizonte (Brasil)

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

233

Lecturas

Arte e escritura na Galicia medieval. Séculos VI-X

A propósito da viaxe de Plácido Castro ás Illas Blasket (Irlanda, 1928)

Exploring Celtic Origins

Gustavo Hervella García & Alberte Lago Villaverde

239

A Rede

ONU Mulleres

História das Mulheres e do Género no Centro de Humanidades da FCSH

Centro de Documentação e Arquivo Feminista Elina Guimarães

CDD

249

Editorial

Hai contextos de especial singularidade na historia da Humanidade. Non hai dúbida algunha que a etapa de pandemia que se abriu desde inicios de 2020 é unha delas. A irrupción da COVID-19 está a evidenciar a fragilidade do noso modo de vida. Máis unha vez, a sociedade volve a presentar o mellor e o peor de si mesma: a solidariedade e fraternidade, dunha banda, e o individualismo irresponsábel, doutra, diante do necesario cumprimento de pautas que deberan contribuír a paliar a crítica situación sanitaria que atravesamos (a falta dunha vacina que sexa quen de vencer todas as variantes do coronavirus...). Firmes defensores e defensoras da ciencia, agardamos que proximamente se poida iniciar unha vacinación universal, na que non fiquen esquecidas e esquecidos aqueles que viven nos países depauperados do mundo.

Todo o noso recoñecemento ao persoal sanitario, de limpeza, traballadores e traballadoras do transporte, alimentación, etcétera, así como ás persoas solidarias que contribúen en comedores e fogares de acollida para que as e os máis necesitados sobrevivan diante da penuria na que se achan, diante dun contexto de crise sanitaria, mais tamén económica (e non só).

★★★★★

No presente número de *Murguía, Revista Galega de Historia*, abrimos as páxinas da sección *Fontes* coa transcripción e estudo de tres pergamiños inéditos de Santa Cristina de Ribas de Sil (ss. XV-XVI), de enorme interese para a comprensión histórica da Ribeira Sacra, da autoría dos medievalistas Miguel García-Fernández, do Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago de Compostela, e de Ricardo Pichel, da Universidad de Alcalá. A seguir, a investigadora Susana Guitar Novo, do Consello da Cultura Galega, presenta a Biblia Kennicott en canto que tesouro bibliográfico, para pechar esta sección Pablo Sánchez Martínez, historiador e cofundador do Comité da Memoria Histórica de Celanova, coa descuberta da acta fundacional da Mocidade Galeguista de Celanova por volta de 1932.

A sección *Investigación* ábrena os arqueólogos Víctor José Barbeito Pose e Julián Bustelo Abuín, que desenvolven unha serie de propostas para unha mellora do sector arqueolóxico galego a día de hoxe, para o prolífico historiador e docente Emilio Xosé Ínsua centrarse no Antón Villar Ponte articulista sobre Cuba. O profesor da Universidade de Vigo Oscar Diaz Fouces presenta o proceso de depuración do mestre republicano Manuel Vidal Portela e pechan a sección o guerrilleiro Francisco Martínez López, *El Quico*, e Odette Martinez-Maler, presidenta do “Centre d’études et de recherches sur les migrations ibériques” (CERMI), que reflecten sobre o exilio dos últimos guerrilleiros de León-Galicia (1948-1952).



No espazo dedicado á *Entrevista*, Miguel García-Fernández conversa con Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, prolífico medievalista e presidente do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. En *Lembranzas* recordamos a Isaac Díaz Pardo diante do centenario da súa morte, con quen conversamos noutrora longo e tendido (véxase *Murguía, Revista Galega de Historia* vol. 7-8, de maio-decembro de 2005).

Na sección *Museos e Arquivos* percorremos o Museu de Artes e Ofícios de Belo Horizonte (Brasil) e en *Lecturas* Gustavo Hervella reflexiona sobre a obra *Arte e escritura na Galicia medieval. Séculos VI-X*, da autoría de Anselmo López Carreira, recensionando Alberto Lago Villaverde as obras *A propósito da viaxe de Plácido Castro ás Illas Blasket (Irlanda, 1928)*, coordinado por Uxío-Breogán Diéguez Cequiel e Xulio Ríos, e *Exploring Celtic Origins*, obra de Barry Cunliffe e John Koch. Por último, no apartado *A Rede* visitamos e comentamos o espazo web de “ONU Mulheres”, a sección de “História das Mulheres e do Género” na web do Centro de Humanidades da Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa e da Universidade dos Acores, e o espazo na rede do “Centro de Documentação e Arquivo Feminista Elina Guimarães”.

★★★★★

In memoriam Antonio Nores Soliño (1950-2020), arqueólogo, historiador e figura de referencia do movemento asociativo memorialístico galego; e José Antonio Durán (1941-2020), magnífico investigador e prolífico historiador, pesquisadores que nos honraron coa súa amizade.

**Nas librarías, na internet e
nas redes sociais ao teu dispor!**



 <https://www.revistamurguia.com>

 <https://www.facebook.com/revistamurguia/>

 https://twitter.com/Murguia_Revista

[SEPARATA]

Novas achegas documentais para o estudo da realidade monástica da Ribeira Sacra: tres pergamiños inéditos de Santa Cristina de Ribas de Sil (ss. XV-XVI)¹

Miguel García-Fernández²

Ricardo Pichel³

Resumo: Santa Cristina de Ribas de Sil foi un dos varios mosteiros asentados na hoxe chamada *Ribeira Sacra*. A súa documentación e traxectoria histórica durante a Idade Media foi recuperada por diferentes autores. Porén, a revisión de novos fondos arquivísticos permítenos ofrecer neste traballo a edición de tres documentos inéditos cos que profundar no coñecemento da relación entre os monxes e a liñaxe dos López de Lemos mediante o aforamento da granxa de Ousille e as últimas xestións patrimoniais da institución nas vésperas da súa anexión a Santo Estevo de Ribas de Sil.

Palabras chave: Santa Cristina de Ribas de Sil, monacato, nobreza, documentación, Idade Media.

Abstract: Santa Cristina de Ribas de Sil was one of the several monasteries settled in what is now called the Ribeira Sacra. Its documentation and

¹ Este traballo enmárcase dentro dos proxectos de investigación “La casa señorial en Galicia (siglos XIII-XVI). Materiales para su estudio” (HAR2017-82480-P), dirixido polo Dr. Pablo S. Otero Piñeyro Mascada (Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento - Consejo Superior de Investigaciones Científicas); “Aproximación ao estudo do notariado e das características da súa produción documental nunha comarca da Galicia medieval. A Terra de Caldelas (Colección do Mosteiro de Montederramo)” (2019-CP040), dirixido polo Dr. Eduardo Moscoso Mato (Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela); “Corpus de documentos españois anteriores a 1900 (CODEA+ 2020)” (MEC FFI2017-82770-P), dirixido polo Dr. Pedro Sánchez-Prieto Borja (Universidad de Alcalá), e “HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria” (CAM, 2018-T1/HUM-10230), dirixido polo Dr. Ricardo Pichel (Universidad de Alcalá). Agradecemos a Magdalena del Amo a autorización para ilustrar o traballo coas súas fotografías do mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil.

² Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela | Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia).

³ Universidad de Alcalá | Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela.

historical trajectory during the Middle Ages has been recovered by different authors. However, the review of new archive funds allows us to offer in this work the publication of three unpublished documents with which to deepen the knowledge of the relationship between the monks and the López de Lemos lineage through the cession of the farm of Ousille and the last patrimonial managements of the monastery of Santa Cristina right before its annexation to Santo Estevo de Ribas de Sil.

Keywords: Santa Cristina de Ribas de Sil, monasticism, nobility, archival sources, Middle Ages.

O mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil, cuxa pegada material forma parte do patrimonio histórico e paisaxístico do espazo que hoxe coñecemos como “Ribeira Sacra”⁴ (Barriocanal López 2004), albergou durante a Idade Media unha comunidade de relixiosos que, cando menos desde o século XII, cabe identificar como monxes negros, é dicir, relixiosos da Orde de San Bieito (Rodríguez Muñiz 2010: 81). Con anterioridade, temos constancia da existencia dunha comunidade monástica que, pola escaseza documental e incluso polos problemas de datación que presentan os primeiros documentos da institución, resulta pouco coñecida (Freire Camaniel 1998: 871-872). Conforme avanza os séculos medievais, a colección diplomática do mosteiro enriquecese tanto polo número crecente de instrumentos conservados como pola variedade de informacións que estes nos proporcionan, aínda que, como vén sendo habitual, predominan os documentos vinculados á adquisición e xestión dos bens que conforman o dominio monástico. Así o evidencian as achegas histórico-documentais máis amplas realizadas sobre Santa Cristina de Ribas de Sil, debidas nun primeiro momento a Elisa Fernández Suárez (1958, 1974) e máis recentemente a Víctor Rodríguez Muñiz (2010).

A monografía deste último autor, conformada por un completo estudo histórico do mosteiro (Idem: 13-96) e a colección documental sobre a que se sustenta a primeira parte (Idem: 97-300), constitúe, sen dúbida algunha, a obra de cabeceira para achegarse ao percorrido histórico de Santa Cristina e aos seus documentos medievais. Máis alá de poder seguir profundando no futuro nalgúns temas concretos grazas á propia edición íntegra das fontes localizadas –caso, por exemplo, da presenza e participación das mulleres na documentación do mosteiro (García-Fernández 2021)–, actualmente xa pode darse por trazada a traxectoria histórica da institución e así

⁴ Non imos entrar na polémica sobre esta denominación, derivada dunha mala lectura publicada a comezos do século XVII polo cronista e historiador bieito Antonio de Yepes (*Riviera Sacrata*). Aínda así, cómpre destacar que a lectura correcta dos pergamiños medievais do mosteiro cisterciense de Montederramo nos que se sitúa a orixe desta expresión evoca unha realidade diferente, a dunha “carballeira sagrada”: *Revoyna Sacrata*, *Rovoyra Sacrata*, *Reuoeyra Sacrata* ou *Rouoeyra Sacrata* (Lorenzo e Pérez 2019: docs. 3, 87, 133, 189 e 698).

integrala dentro do panorama xeral desa Galicia monástica pleno e baixomedieval que tanto interese ten esperado dentro da historiografía galega nas últimas décadas e que se ampliou afortunadamente en tempos máis recentes de cara a considerar tamén as institucións cenobíticas máis pequenas (e mesmamente esas comunidades femininas que durante moito tempo foron subestimadas dentro dos estudos históricos de Galicia) á marxe da alongada pegada historiográfica de grandes mosteiros como os de Celanova, Samos, Sobrado dos Monxes ou San Martiño Pinario de Santiago (Pérez Rodríguez 2019 e, especificamente sobre Santa Cristina, 727-729).



Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil.

En todo caso, e no que aquí máis nos interesa, até o de agora podíase considerar como xa publicada a compilación e edición completa dos testemuños documentais dos que había noticia sobre o mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil grazas á obra de Rodríguez Muñiz. Incluso no que se refire ao ámbito máis amplo da cultura escrita, a isto habería que engadir o estudo dos testemuños epigráficos deste mosteiro realizado por Patricio Fernández García (2003). Porén, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés (2011: 133 e 143) fixo referencia a outros rexistros documentais vinculados a Santa Cristina de Ribas de Sil ao estudar a liñaxe dos López de Lemos desde o século XIII até comezos do século XVI. Daquela, parecía pertinente relocalizar estes documentos –xa que se ofrecían cotas arquivísticas antigas á hora de citar os pergamiños dentro da colección na que se conservan– e editalos para completar, deste xeito, a colección documental do mosteiro. Este foi o obxectivo inicial do presente traballo e ambos documentos (docs. 1 e 2) son publicados agora a modo de complemento da monografía de Rodríguez Muñiz (2010). Posteriormente, quixemos comprobar se era posible localizar novos documentos até o momento non referidos nin editados. Desafortunadamente, xurdiu un terceiro documento que

tamén ofrecemos neste traballo e que, sendo xa do século XVI, aínda forma parte do período anterior á anexión de Santa Cristina ao mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil coa conseguinte conversión do primeiro en priorado e, por tanto, sendo o punto e final da súa existencia medieval como mosteiro de seu (doc. 3). En todo caso, cómpre sinalar que este traballo non constitúe senón o primeiro dun pequeno conxunto de publicacións a través das cales procuraremos sacar á luz e editar novas descubertas e localizacións documentais –especialmente para completar coleccións diplomáticas xa publicadas–, nunha clara aposta por abordar a, para nós obrigada, revisión de novos fondos arquivísticos ou doutros non tan novos pero que non foron totalmente explorados no momento de publicar algunhas das principais coleccións documentais da Galicia medieval. A isto cómpre sumar o interese por reeditar algúns instrumentos que, polo seu interese histórico e filolóxico, pode resultar pertinente revisitar para ofrecer edicións revisadas e corrixidas, útiles en todo caso aos intereses interdisciplinares dos investigadores. Neste sentido, polo grande interese que ten para o estudo das propiedades referidas nos dous primeiros documentos aquí editados, máis tamén pola información que aporta sobre a cultura escrita producida e en circulación dentro do ámbito das cortes señoriais da Galicia medieval, optouse por incorporar a modo de anexo a edición dun documento xa publicado na colección documental de Santa Cristina de Ribas de Sil (Rodríguez Muñiz 2010: 182-183, doc. 88), pero que parecía oportuno reeditar para ofrecer o texto con algunhas correccións (Anexo). Finalmente, aínda que o esencial era presentar aos investigadores e público xeral a edición dos documentos sinalados, aproveitaremos a ocasión para facer unha primeira valoración histórica dos instrumentos inéditos, a pesar de que os tres forman parte das lóxicas e prácticas documentais habituais vinculadas á xestión económica dos patrimonios inmobiliarios señoriais –fundamentalmente da terra– no contexto da Galicia foral.

Máis alá desta contribución á edición da documentación galega medieval ofrecendo tres testemuños inéditos vinculados a Santa Cristina de Ribas de Sil, cómpre destacar que en modo algún podemos descartar que no futuro aparezan novos documentos desta mesma institución. De feito, estaríamos de en hora boa se finalmente aparece o fragmento de pergamiño que permitiría completar con total acerto a lectura do segundo dos documentos aquí publicados. Tamén sería unha grata sorpresa que no futuro aparezan algúns outros instrumentos que ben puideron ter existido para rexistrar actuacións xurídicas do mosteiro das que só temos referencias indirectas a través doutros documentos. É o que sucede, por exemplo, co documento –moi probablemente de natureza foral– que permitiría xustificar o usufruto de bens de Santa Cristina por parte dun monxe de Santo Estevo de Ribas de Sil, Xoán González. Así, entre os documentos de Santo



Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil.

Estevo consta un de xaneiro de 1428 polo que o citado monxe nomeou por voz e amigo a Gonzalo Eanes de Arxemil, ao que chama *meu criado*, en varios casares aforados ao seu mosteiro «e outrosy do casar da Çegoñeyra, que eu teño do mosteiro de Santa Cristina» (Bouzas Rosende 2016: 166, doc. 45). Aínda que entre a colección de documentos que hoxe coñecemos do mosteiro non figura ningunha referencia ao citado casar da Cegoñeira, non parece estraño que este deba ser identificado co lugar homónimo situado na parroquia de Santo Estevo de Anllo (Sober, Lugo), na que Santa Cristina tiña outras propiedades (Rodríguez Muñiz 2010: 162, doc. 70; 187, doc. 92; 201, doc. 109) e máis tendo en conta que Santo Estevo de Anllo figura entre as igrexas de presentación outorgadas de forma temperá ao mosteiro (Idem: 230, doc. 129).

Sexa como for, mentres non localizamos máis testemuños documentais sobre este mosteiro que “señoreou” durante a Idade Media ambas beiras do Sil dentro desa paisaxe da Ribeira Sacra que recentemente foi declarada como ben de interese cultural (Decreto 166/2018 do 27 de decembro, DOG Núm. 248 do 31 de decembro do 2018), polo momento ofrecemos aquí a edición de tres pergamíños dos séculos XV e XVI que, polo que sabemos, aínda permanecían inéditos, máis a reedición do documento outorgado en 1402 polo conde de Trastámara don Fadrique, futuro duque de Arjona, no que se combina á perfección a importancia do seu contido coa relevancia da súa presentación, especialmente no que se refire á factura da súa capital inicial.

1. A granxa de Ousille e os López de Lemos

Os dous primeiros documentos que se editan neste traballo están estreitamente relacionados entre si (docs. 1 e 2). Ademais de ser dous foros outorgados no século XV polo mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil, ambos fan referencia aos López de Lemos⁵. De feito, grazas a estas concesións forais, a rama principal desta liñaxe fíxose co control da granxa monástica de Ousille, situada na freguesía de Santiago de Gundivós (Sober, Lugo), durante practicamente toda a décimo quinta centuria. Este estreito vínculo entre o contido dos pergamiños e entre estes e a familia dos López de Lemos parece explicar a súa conservación no mesmo fondo documental: a colección “Diversos” do Archivo Histórico Nacional de Madrid (AHN). Neste mesmo arquivo, pero entre a documentación de Santo Estevo de Ribas de Sil, conservouse outro interesante documento referido ao mosteiro de Santa Cristina, que cómpre poñer en relación, así mesmo, cos dous documentos que imos comentar aquí. Trátase da carta dirixida en 1402 ás autoridades de Monforte de Lemos por don Fadrique, señor da vila e conde de Trastámara –de feito, don Fadrique non só constituía a cabeza da pirámide nobiliaria da zona de proxección de Santa Cristina de Ribas de Sil senón tamén do conxunto do territorio galego– pola que o Conde atendía a petición do abade de Santa Cristina para que fose recoñecido que a granxa de Ousille estaba exenta do pago de calquera tipo peito e tributo (Anexo, ls. 9-12). A conservación deste documento á marxe do resto da documentación medieval de Santa Cristina de Ribas de Sil, a súa denominación como “privilexio” nunha das anotacións a modo de rexesto situada no reverso do pergamino e a súa relación directa coa granxa de Ousille que, como acabamos de referir, pasou a mans dos López de Lemos no século XV, fannos pensar na posibilidade de que este documento sexa o «priuilegio que deron [os monxes de Santa Cristina] a Diego de Lemos para defender con el una granja do dito mosteiro», citado nunha visita realizada ao mosteiro no ano 1457 polo cóengo Afonso González de Aguiar. De feito, este sería o único privilexio do mosteiro que nese momento non estaría depositado en Santa Cristina xunto co resto⁶. Pode ser que, posteriormente, o documento fora reclamado e/ou devolto ao mosteiro e que, desá forma,

⁵ Tal e como xa se indicou anteriormente, o primeiro historiador –do que temos constancia– que fixo referencia a estes documentos é Eduardo Pardo de Guevara y Valdés (2011: 133 e 143, notas 70 e 104, respectivamente) no seu artigo monográfico sobre os López de Lemos. Ofrecíanse daquela as sinaturas arquivísticas antigas que hoxe actualizamos: AHN, *Diversos, Colección Diplomática*, leg. 248, s. n., que corresponde ao actual AHN, *Diversos, Colecciones*, 248, n.º 21; e AHN, *Diversos, Colección Diplomática*, leg. 1, núm. 60, actualmente AHN, *Diversos, Colecciones*, 208, n.º 60.

⁶ «Item diseron por lo juramento que estauan ende todos los priuilegios do dito mosteiro, que ende acharon, saluo vn priuilegio que deron a Diego de Lemos para defender con el vna granja do dito mosteiro» (Rodríguez Muñiz 2010: 217, doc. 119).

retornara a Santa Cristina ou xa directamente a Santo Estevo de Ribas de Sil tras a conversión do primeiro en priorado do segundo, integrándose directamente no arquivo desta última institución⁷.

Estes tres documentos de Santa Cristina de Ribas de Sil conservados en distintas coleccións do AHN ofrécennos interesantes informacións sobre a que, segundo Rodríguez Muñiz (2010: 34), “parece ser a granxa máis importante para o mosteiro”. Esta percepción vese agora confirmada con novos documentos editados (docs. 1 e 2), así como o paso que se produciu no tipo de xestión practicado nesta granxa, pasando dun sistema de explotación directa nunha primeira fase a un tipo de xestión delegada a través de contratos forais nunha etapa posterior e, cando menos, ao longo do século XV. Así o apuntaba tamén con claridade o referido documento de don Fadrique que comentaremos máis adiante (Anexo; Rodríguez Muñiz 2010: 33-34). Aínda que a xestión e a explotación do dominio monástico por medio dun sistema de granxas aparecen asociadas fundamentalmente á Orde do Císter e á súa aposta –cando menos inicial– pola explotación directa das súas propiedades (Portela Silva 1981: 92-101), este modelo puido ser aplicado por outras institucións⁸, se ben Rodríguez Muñiz (2010: 34, n. 57) tamén ten en conta que “non se pode desbotar a idea de que, tanto este establecemento de Ousille como, por suposto, os anteriores [as granxas de Seabrega e San Vitoiro, tamén citadas na documentación de Santa Cristina], poden estar a recibir tal denominación de *granxas* polo tardío das citas documentais en que aparece tal designación, xa do XV, e, polo tanto, “contaminadas” pola terminoloxía cisterciense”. Sexa como for, o certo é que, a finais da Idade Media, Ousille era xestionada de forma indirecta por medio da cesión do seu usufruto a través dun contrato foral.

A primeira mención expresa a esta granxa de Ousille –topónimo que se documenta baixo as formas *Ousille*, *Oussile*, *Oussily*, *Ousyle* ou *Usille*– rexístrase nun documento de 1343⁹. Trátase dun foro outorgado polo abade e o convento de Santa Cristina a favor do clérigo Miguel Afonso, consistente na entrega do casar de *San Vitoiro d’Auoym* (Sober, Lugo) coa obriga,

⁷ Isto podería explicar a referencia arquivística situada na parte posterior do pergamino e a súa conservación xunto con outra documentación medieval de Santo Estevo de Ribas de Sil na carpeta 1562 da colección Clero do AHN.

⁸ De feito a documentación do século XV do mosteiro veciño de Santo Estevo –bicito como Santa Cristina– tamén recolle mencións a esta realidade. Nun foro de 1421 faise referencia ao granxeiro de San Miguel de Rosende (Bouzas Rosende 2016: 132, doc. 31), a mesma granxa que aparece noutro foro de 1430, cando se establece que os foreiros *chamaredes ao noso grangeiro que por nós esteuer enna gra[n]ja de San Miguel...* (Idem: 173, doc. 48). Ademais, neste último ano o mosteiro aforou a un matrimonio a *nosa granga de Ssequeiros en que vós ora morades con o lugar do Amorín* (Idem: 174: doc. 49).

⁹ De todos modos, a primeira mención deste topónimo na colección documental do mosteiro rexístrase coa asociación de Ousille ao nome dun monxe que figura como testemuña nunha venda a favor de Santa Cristina realizada en 1331: *Frey Martino d’Ousille* (Rodríguez Muñiz 2010: 139, doc. 45).



Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil.

casar. Parece, pois, que cando menos en 1331 Ousille xa funcionaba como centro destacado ou referencial na xestión do patrimonio monástico. Porén, isto talvez era así desde non moito tempo atrás, de aí que aínda fora referida a ligazón previa entre o casar aforado e a granxa de *Seabrega*; un vínculo que a finais dese primeiro terzo do século XIV parece ser substituído por outro que liga directamente o casar coa granxa de Ousille. En todo caso, e como xa puidemos comprobar coa primeira das mencións explícitas á *granga d'Oussily*, na década dos corenta do século XIV, Ousille actuaba como un núcleo plenamente operativo e consolidado dentro do sistema organizativo de explotación do dominio monástico, sobre todo na parte que estaba situada na beira lucense do Sil. En 1345 os foreiros dun casal sito na freguesía de Santa María de Bolmente (Sober, Lugo) tiñan entre as obrigas impostas polo convento a de *dardes cada ano [feito]ras –searas– a nossa granja d'Ousyle* (Idem: 148, doc. 54). Repítese de novo unha cláusula similar en 1351, no texto dun novo foro no que se conceden propiedades sitas novamente na parte do dominio de Santa Cristina situado na diocese lucense: *dardes as searas aa nossa granja d'Oussile, assy commo es huso dese casar* (Idem: 151, doc. 58). Finalmente, a última mención á granxa localizada

entre outras, de *dardes IIII dias de seara cada anno aa nossa granga d'Oussily, assy como he huso dese outros nossos cassares* (Rodríguez Muñiz 2010: 146-147, doc. 53). Como vemos pola aclaración incluída nesta mención, non se trataba dunha novidade, senón dunha práctica da que xa se di que *he huso*. De feito, pola referencia localizada noutro foro do mosteiro, outorgado en 1331, semella que naquela altura en Ousille xa estaba a funcionar unha granxa, a cal é posible que tomara o relevo doutra: a de *Seabrega* (Idem: 141, doc. 47). Así se desprende da obriga imposta ao foreiro Pedro Miguez de *dardes as searas a Usille, assy como as sempre deron a Seabrega, dese*

con anterioridade á contida no documento de don Fadrique de 1402 data de 1387 e exprésase en termos similares a todas as anteriormente referidas: os foreiros deberían dar *as searas aa nossa granga d'Oussile, assi como est hussu desse cassar* [de Santa Marta; actualmente en Sober, Lugo] (Idem: 163: doc. 71). Cómpre pensar, por tanto, que até finais da décimo cuarta centuria a granxa de Ousille actuaba como núcleo xestor do mosteiro en terras lucenses dentro dun sistema de explotación aínda directo.

Porén, en 1402 a granxa de Ousille parece atoparse noutra situación. O cambio aparece relatado polo conde de Trastámara, don Fadrique, na carta que dirixiu ás autoridades de Monforte de Lemos para que non esixisen peitos, tributos e pedidos a *un lugar en la feligrisía de Gondiboos que llamavan la granja d'Ouille* (Anexo, ls. 2-3). Concretamente, o Conde actuaba e comentaba a situación despois de que o abade de Santa Cristina lle pedira axuda e relatara *—me dixo (...) et dize* (id., ls. 2-3)— a realidade na que se atopaba Ousille : *el dicho lugar, granja e heredades d'ella lavravan por los ombres serviciales del dicho monesterio, que non pechavan tributos nin pedidos nin otros pechos* (id., ls. 3-4). Vemos, pois, que habería un sistema de explotación directo a través de serviciais. Porén, a situación mudara e os monxes, non podendo labrar as propiedades, *pusieron aí un lavrador que lo lavrase*. Pasouse, pois, a unha xestión delegada, indirecta, con toda probabilidade sustentada no sistema foral¹⁰. Ademais, parece ter sido nese momento cando as autoridades monfortinas repartiron peitos, pedidos e servizos en Ousille *e los llevastes d'él non los deviendo* (id., l. 6). Ante o relato do abade, que se queixaba de que isto provocara gran dano e perda para o mosteiro, existindo o perigo de que o lugar e a granxa quedaran despoboados polas cargas tributarias que se lle empezaran a esixir, o Conde decidiu atender a petición de axuda do abade e, por servizo de Deus e para que os monxes de Santa Cristina rogaran pola ánima de seu pai, o conde don Pedro, don Fadrique pediulle aos de Monforte: *qu'el dicho lugar e granja d'Ouille nin el lavrador que aí morar, que non pague pechos nin pedidos nin tributos nin fanegas nin servicios de pan nin de vino nin de carne nin de dineros nin de otra cosa alguna, nin vaya a serventía alguna agora nin de aquí adelante para siempre jamás* (id., ls. 9-10). Sen dúbida, esta exención tributaria contribuiría a revitalizar o núcleo de Ousille, facéndoo máis atractivo a ollos de posibles foreiros. En todo caso, o que xa parece que non se contemplaba era a posibilidade dunha xestión directa por parte dos monxes e os seus serviciais senón doutra delegada, de aí que se reitere a idea dos “labradores” que usufrutuarían o lugar.

¹⁰ A bibliografía sobre o sistema foral galego é sumamente ampla, tanto desde o punto de vista monográfico como a partir de estudos de caso relacionados coa xestión patrimonial de determinadas institucións señoriais, sobre todo monásticas. En todo caso, segue resultando unha referencia obrigada Ríos Rodríguez 1993. Remitimos a máis bibliografía ao respecto no marco dun recente estudo de caso e a edición dun foro da contorna chantadesa ao final da Idade Media en García-Fernández 2018.

Os documentos inéditos aquí publicados (docs. 1 e 2) confirman, como dixemos, a explotación indirecta da granxa de Ousille ao longo do século XV, ao proceder ao seu aforamento. Mais resulta interesante comprobar que os foreiros non foron labradores, senón membros da nobreza da contorna. Así, a granxa de Ousille –exenta de tributos para as autoridades monfortinas, como vimos– pasou en 1420 a mans de Afonso López de Lemos e da súa muller Berenguela López, estendéndose o contrato tras a morte deles a outras tres voces máis (doc. 1, l. 3)¹¹. Por suposto, tratándose dos membros dunha liñaxe nobiliaria, a dos López de Lemos, señores de Ferreira e Sober (Pardo de Guevara y Valdés 2011), o matrimonio non explotaría directamente os bens aforados senón que actuarían por medio de prácticas como o subforo, de aí que entre as condicións impostas xa se faga referencia a que *o moredes e lavredes e paredes ben por vós ou por outro boo parador* (doc.1, l. 8). Ademais de solicitar a renda correspondente –o pago de seis *coarteiros* de pan, medidos pola tega dereita de Monforte e que deberían ser entregados na igrexa de San Xoán de Barantes (Sober, Lugo)–, tamén se piden 10 marabedís por San Martiño, 30 marabedís correspondentes á loitosa e, por suposto, que os foreiros fosen obedientes e serventes ao mosteiro, encabezado nese momento por don Álvaro Gómez, abade documentado entre 1418 e 1422 (Rodríguez Muñiz 2010: 236). O documento foi realizado no propio mosteiro de Santa Cristina por Rodrigo Afonso, quen se presenta como clérigo de Parada e notario público polo abade e o convento no mosteiro e no señorío deste, procedendo a poñer o seu signo e rúbrica ao final do pergamiño.

Décadas despois, en setembro de 1492, o por entón prior de Santa Cristina, frei Luís¹², encabezou un novo foro do mosteiro a favor dos López de Lemos e relacionado coa granxa de Ousille (doc. 2). Aínda que o documento só se conserva parcialmente, cunha importante mutilación do seu soporte na marxe dereita, é posible recuperar a maior parte do seu contido. Neste caso, quen se presentou en Santa Cristina foi dona Maior de Ulloa, a muller do fillo dos anteriores foreiros da granxa de Ousille: *Diego de Lemos, basallo del Rey e Reyna nuestros señores fillo mayor e legítimo erederos de meu[s] señores padre e madre Alonso Lopez de Lemos e de Beringuela Lopez de Ribadeneira, sua muller, difuntos* –como así se presenta no seu testamento outorgado en maio de 1402 (Martínez Sueiro 1914–195)¹³. Dona María actuaba tanto no seu nome como no do marido, do que se di que estaba ausente, o que podería deberse a estar enfermo e próximo á morte, de aí que en maio desde

¹¹ Sobre Afonso López de Lemos e a súa segunda muller, dona Berenguela López [de Ribadeneira], no marco da liñaxe e parentelas dos López de Lemos, véxase Pardo de Guevara y Valdés 2011: 130–133.

¹² Este relixioso aparece documentado entre 1466 e 1499, exercendo en diversas ocasións como notario e sendo prior cando menos entre 1478 e 1499 (Rodríguez Muñiz 2010: 251).

¹³ Sobre a traxectoria vital deste destacado personaxe no complexo contexto da Galicia da segunda metade do século XV e no marco do seu contexto familiar véxase Martínez Sueiro 1914–1915 e Pardo de Guevara y Valdés 2011: 135–143.

mesmo ano outorgara o seu testamento (Martínez Sueiro 1914-1915) e que, de feito, este foro sexa a última mención documental que temos de Diego de Lemos mentres estaba vivo (Pardo de Guevara y Valdés 2011: 143, n. 104). Resulta sen dúbida de interese rexistrar a presenza física desta muller no mosteiro para xestionar estes bens e, ademais, presentando *un poder e licencia que do dito voso marido nos mostrastes* (doc. 2, l. 10), o cal declararon os monxes de Santa Cristina que *nós mesmos tubemos o dito poder e licencia en nosas maos* (id., l. 11), xa que confirma por unha banda o papel xestor das mulleres no relativo aos patrimonios familiares –tamén durante o matrimonio e, por tanto, antes de enviuar– e, por outra, vese ratificada unha vez máis esa itinerancia feminina de alcance e obxectivos heteroxéneos que formaba parte da vida cotiá das aristócratas medievais galegas (García-Fernández 2019).

A pesar da conservación fragmentaria do documento, sabemos que o matrimonio recibiu en foro o *lugar de Santa Mariña según que sempre andou con a dita granja, que he todo do dito noso mosteiro* (doc. 2, l. 13). Mais o nome desa granxa –citada previamente– estaba escrito na parte do soporte hoxe perdida –ou aínda non localizada–. Por fortuna, os apuntamentos que se conservan na parte posterior do pergamiño –realizados ao longo dos séculos, como evidencian os diferentes tipos de letra empregados– permítennos saber que se trata da granxa de Ousille. De feito, en letra coetánea identifícase o documento como *carta de foro d'Ousille que fezo o prior e os monjes*. Anotacións posteriores insisten en que o entregado era a *granja de Ouselle* ou o *lugar de Santa Mariña, que anda junto con la granja de Outelle*. Pola obriga de que os foreiros deberían facer *morar a dita granja* (id., ls. 6) é probable que o foro incluíra expresamente, e en primeiro lugar, a granxa de Ousille, que xa estaba controlada polos López de Lemos desde a xeración anterior. A maiores, insistíase en que xunto a esta ía o lugar de Santa Mariña. De feito, esta mención expresa a que este lugar sempre estivera ligado a Ousille pode facer sospeitar que había algunhas dúbidas e que, por tanto, conviña especificalo con motivo da redacción dun novo foro. Pero, se o principal ben aforado era a granxa, que xa estaba en mans de Diego como fillo dos anteriores foreiros, por que se facía un novo foro cando o anterior aínda estaría en vigor? No testamento de Diego de Lemos, outorgado no mes de maio dese ano, o testador legou a favor do seu fillo bastardo Rodrigo de Sober a *miña granxa d'Oucille con todos sus labradores e eredades la qual eu tengo en foro de Santa Cristiana* (sic) (Martínez Sueiro 1914-1915: 138). Ante iso, é posible que en setembro dona Maior de Ulloa decidira acudir a Santa Cristina para mudar ou impedir esta posibilidade. Máis alá da insistencia en todo momento de que actuaba no seu nome e no do seu marido –con poder e licencia deste–, con este novo foro dona Maior conseguía para ela mesma un destacado papel no nomeamento das seguintes voces forais. Así, a primeira voz sería elixida por ela *en vosa vida e soude ou ao tempo de voso finamento* (doc. 2, l. 21). Lamentablemente,



Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil.

polo momento non localizamos máis documentación que permita coñecer a transmisión posterior da granxa dentro da liñaxe dos López de Lemos ou o seu posible retorno a mans de Santa Cristina.

Outro aspecto que resulta curioso é comprobar que a renda esixida neste segundo foro da granxa de Ousille a favor dos López de Lemos correspóndese coa mesma de 1420: seis *quarteiros de pan limpios* (id., l. 21), medidos pola tega de Monforte. Resulta certamente rechamante esta estabilidade da renda que tamén se observa, pero cunha pequena variación, no pago de 12 maravedís –xa non 10– de dereitura polo san Martiño

de novembro. Dona Maior aceptou as condicións do foro –polo demais plenamente acordes con outros foros do momento– obrigando tanto os seus bens como os do marido a modo de garantía. Finalmente, este segundo documento referido a Ousille, do que posiblemente existiu unha copia no mosteiro e outra no arquivo familiar dos López de Lemos¹⁴, adquiriu plena validez legal grazas á fe dada pola notario público e tamén notario apostólico Álvaro Rodríguez de Pinol.

En definitiva, os documentos aquí referidos permiten confirmar o cambio que realizaron os monxes de Santa Cristina de Ribas de Sil respecto do tipo de xestión da súa granxa de Ousille, posiblemente a máis importante de entre as que tivo o mosteiro. No século XV cóstanos que Ousille foi aforada á liñaxe dos López de Lemos e, polo tanto, deixou de ser un núcleo destacado da explotación directa do dominio monástico a través de serviciais para quedar definitivamente en mans de foreiros que,

¹⁴ De feito, nunha cláusula conservada parcialmente –pero, por outra parte, habitual neste tipo de documentos– fálasenos de que se fixeran dúas cartas *ambas feitas en un tenor, húa para vós e outra para o dito mosteiro*. Cal das dúas é a que podemos recuperar hoxe na colección Diversos do AHN?

posiblemente, optaron polo subforo para a súa explotación. Desta forma, os monxes non só garantiron a recaudación dunha renda anual a cambio da cesión do usufruto, senón que tamén apostaron por fortalecer a súa relación coa nobreza da contorna¹⁵.

2. As últimas xestións patrimoniais nas vésperas da anexión a Santo Estevo

A pesar dos cambios que estaban operando no mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil ao final da Idade Media, especialmente no marco da reforma monástica auspiciada polos Reis Católicos (Rodríguez Muñiz 2010: 84-86), un novo documento foral evidencia a preocupación dos monxes por continuar coa xestión do patrimonio monástico nas vésperas da anexión de Santa Cristina a Santo Estevo de Ribas de Sil para iniciar unha nova etapa como priorado desta última institución (doc. 3). Este foro, conservado –a diferenza dos anteriores– no Arquivo do Reino de Galicia¹⁶, foi outorgado en 1506 e, polo tanto, súmase a outro xa coñecido de 1499 que, até o de agora, Rodríguez Muñiz (2010: 85; 225-226, doc. 26) consideraba como o único documento que “testemuña a etapa que media entre a entrada *de facto* de Santa Cristina na Congregación de Valladolid e a súa supresión como cenobio en 1508”.

A situación pola que está pasando Santa Cristina ponse de manifesto con claridade no documento. Este está encabezado por frei Cristóbal de Salazar, quen se presenta como presidente do mosteiro e quen ten poder para actuar da man de frei Pedro de Zamora, presidente, á súa vez, do mosteiro de Celanova. De feito, o foro traslada na súa parte final o tenor do poder concedido por frei Pedro ante o notario Juan Morales, estando no mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, para que frei Cristóbal *fiziese cualesquier foros pertenecientes al dicho monasterio de Santa Cristina* (doc. 3, ls. 29-30).

Novamente non se trata dun foro outorgado a labradores senón ao matrimonio conformado por Pedro Saco, do que se nos di que era escudeiro e ao que se lle aplica o tratamento *honrado*, e Elvira López. Fronte ao foro anteriormente estudado (doc. 2), neste caso é o home o que está

¹⁵ Non carece de importancia a aposta por este tipo de relacións nas que o mosteiro conseguía situarse nunha posición contractual preeminente se temos en conta que as relacións entre o mosteiro e algúns membros da nobreza foron especialmente tensas no contexto, certamente xeneralizado, da crise baixomedieval, especialmente pola existencia de prácticas abusivas arredor do fenómeno das encomendas (Rodríguez Muñiz 2010: 69-71).

¹⁶ Segundo o rexistro arquivístico, o documento procede do fondo documental da Real Audiencia de Galicia, Catálogo de Executorias, sinatura 20161-20163/5, ano 1719: “Don Juan Sarmiento, curador de doña Josefa García, don Antonio de Ocampo Mendoza, doña Teresa Araújo, su mujer, don José Antonio Mosquera Pimentel y doña Rosa Garza Sarmiento, su mujer, hijos y herederos de don Francisco Quiroga, doña Elvira López y doña Ana Teresa Araújo y otros, sobre partija de los bienes de éstos” (véxase a ficha e a dixitalización do documento no portal *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*: <<http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=294776>> (última consulta: 22/08/2020).

presente mentres a cónxuxe está ausente. É unha situación habitual dentro do sistema foral galego. De todos modos, cómpre insistir en que isto non supón en modo algún que, desde o punto de vista xurídico e das obrigas contractuais, a muller non asumira a plena corresponsabilidade. En absoluto. Simplemente debemos lembrar que os homes terían unha maior proxección nos espazos públicos e iso favorecería que encabezaran determinadas xestións que, en todo caso, non deben ser entendidas como individuais senón como conxugais e, en todo caso, como familiares. Despois de desfrutar do usufruto das propiedades durante as súas vidas, o foro manteríase en vigor durante catro voces máis, ben elixidas polos usufrutuarios do foro antes do seu falecemento, ben correspondentes ás persoas que herdasen de dereito os seus bens.

En canto aos propios bens aforados, neste instrumento hai dúas concesións. En primeiro lugar, afóraselles o lugar de Cimadevila, sito na freguesía de Santa María de Bolmente (Sober, Lugo). Por el deberían pagar oito tegas de centeo, unha de millo e outra de trigo –depositadas na tulla–, así como 150 marabedís de dereituras, a pagar, como era habitual, polo san Martiño de novembro. Esta propiedade documéntase por primeira vez en mans do mosteiro nun foro de 1345 concedido a outro matrimonio. Daquela a renda non era fixa senón que se establecía o pago anual da *terça do temporaho que Deus y der e a quarta do serodeo* (Rodríguez Muñiz 2010: 147-148, doc. 54¹⁷). A finais desa centuria, en 1392, o casar de Cimadevila foi aforado novamente, neste caso a favor de Rodrigo Afonso, clérigo de San Martiño de Anllo, e a dúas voces máis, a cambio da cuarta parte do gran, do liño e das castañas que alí se produciran, entre outras obrigas (Idem: 168-169, doc. 78). En todo caso, antes da concesión deste novo foro de 1506, no mesmo dísenos que o citado lugar *fue de Mateo e de Juan de Carballo* (doc. 3, l. 8).

Por outra parte, o escudeiro Pedro Saco e a súa muller Elvira López tamén recibiron no mesmo foro o lugar homónimo de Cimadevila, pero neste caso que *jaz en Villabade*. Resulta interesante este caso porque no documento móstrase a vontade do mosteiro por recuperar o control sobre esta propiedade que *fue bendido sin licencia del dicho monasterio de Santa Cristina y por siempre de recobrar le recobramos* (id., ls. 9-10). Ao dispoñer deste lugar outorgándoo mediante concesión foral o que se estaba facendo era reivindicar o propio dereito a facelo. En todo caso, respecto deste lugar a renda anual ascendería a doce tegas de pan e unha de millo, pagada no mes de setembro e posta na tulla, máis o pago dunha cantidade de diñeiro polas dereituras correspondentes.

¹⁷ Lembremos que este é un dos foros nos que se establece a obriga de dar searas anuais á granxa de Ousille (*vid. supra*).

Tras aceptar as condicións establecidas, o notario realizaría –como xa vimos nun caso anterior– *dos cartas ambas en un tenor e partidas por abc que firmó, fechas y otorgadas en el monasterio de Santa Cristina dentro del cabildo* (id., ls. 23-24), que serían entregadas cada unha a cadansúa parte. Neste caso, o notario era frei Xoán, notario do mosteiro e do couto de Santa Cristina polo presidente e os monxes da institución. E xunto a el, rubricaron o documento o presidente don Cristóbal e un frei Rodrigo.



Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil.

Cómpre, pois, destacar que nas vésperas da desaparición definitiva de Santa Cristina como mosteiro autónomo, os monxes seguían preocupados por administrar o seu patrimonio, non só delegando a súa xestión a cambio de determinadas rendas, dereitos e recoñecementos, senón tamén reivindicando aqueles bens que corrían risco de quedar fóra do seu control, como no caso de Cimadevila de Vilabade. Pouco despois, a situación mudaría ao converterse Santa Cristina de Ribas de Sil en priorado dependente de Santo Estevo de Ribas de Sil. Comezaba así unha nova etapa que, prolongada no tempo, aínda precisa ser abordada pola historiografía galega.

Despois destes breves comentarios, só compre deixarmos paso á edición dos documentos referidos. Todos eles permítenos enriquecer o noso coñecemento sobre o mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil e, ao mesmo tempo, completar unha colección documental para a que seguirán sendo de consulta obrigada os traballos de Fernández Suárez (1958, 1974) e, sobre todo, o de Rodríguez Muñiz (2011).

3. Edición documental

Ofrecemos a continuación a presentación crítica dos catro documentos (incluído o anexo), editados de acordo cos criterios de regularización gráfica e suprasegmental establecidos pola Rede Internacional CHARTA (<https://www.redcharta.es/>) para a edición de textos hispánicos antigos¹⁸ (Sánchez-Prieto Borja 1998, 2012; CHARTA 2013). Os dous primeiros textos están redactados en galego e os dous últimos en castelán, aínda que o doc. 3 presenta un grao significativo de interferencia lingüística co galego. Todos eles foron editados a partir dun asentamento paleográfico previo, que poderá consultarse –ademais da edición e o facsímile– en formato dixital nos corpus e repositorios en liña dispoñibles¹⁹. Na edición utilízanse os colchetes [] para a restitución das secuencias erradas, mutiladas ou deterioradas. Inclúense todos os apuntamentos lexibles no anverso do documento e, no caso do anexo, ofrécese un confronto coa transcripción realizada por Rodríguez Muñiz (2010). Tras a edición de cada documento engádese un apartado de notas no que se xustifican determinadas decisións editoriais e se dan indicacións de interese escriptolingüístico ou diplomático.

Documento 1

1420, setembro, 8. Santa Cristina de Ribas de Sil

O abade don Álvaro Gómez e o convento de Santa Cristina de Ribas de Sil aforan a Afonso López de Lemos, á súa muller Berenguela López e a tres voces máis a granxa de Ousille por seis cuarteiróns de pan pola tega de Monforte e dez maravedís por san Martiño de novembro, xunto a outras obrigas en especie e en diñeiro.

A - Archivo Histórico Nacional (Madrid), Diversos-Colecciones, 248, n.º 21²⁰. Pergamiño, orixinal, galego, gótica cursiva redonda usual, 262 x 160 mm, bo estado de conservación. Varios apuntamentos ao dorso²¹.

¹⁸ No caso dos dous primeiros documentos, escritos en galego, tense en conta a adecuación dos criterios CHARTA para a edición de textos galego-portugueses (<https://www.herespatrimoniotextual.org/fagal>), entre outros o mantemento da grafía <q> (exs. *quanto*, *quorteiros*) e a indicación da nasalidade vocálica (exs. *Chão*, *bões*). Neste último caso, cando é pertinente, anótanse os casos con presenza de plicas en contexto de hiato vocálico (exs. *béés*, *tééga*).

¹⁹ O EGPA-doc (*Escritorio galego-portugués antigo: textos documentais*) e o repositorio habilitado para o proxecto HERES (<https://www.herespatrimoniotextual.org/fagal>) darán acceso aos documentos editados. A presentación crítica dos textos galegos poderá facerse igualmente desde o CGPA (<http://ilg.usc.gal/cgpa/>). O documentos casteláns serán accesibles tamén nos corpus CODEA (<http://corpuscodea.es/>) e CHARTA (<http://www.corpuscharta.es/>).

²⁰ O documento consérvase dentro dunha carpetiña de papel, identificada co selo da colección Diversos do AHN e a seguinte información: Galicia - Sta. Cristina / 8 de setembro 1420 / Foro.

²¹ Tres rexistros de época moderna: “Foro que hizo el monasterio de Santa Cristina a favor de Alonso López de Lemos y su muger Viringuela Lopez y más tres voces de la granja d’Ousille, a montes y a fontes, sita en Santiago de Gundiboo, en pensión de seis corteiros de trigo y diez maravedís cada año, y por lutuosa treinta maravedís. Otorgado en 8 de septiembre de 1420 ante Rodrigo Alonso, clérigo notario”; “Fuero que se iço de la gr[anja] de Ousille a Alonso López. Año de 1420”; “[...] a Alonso López de Lemos”.

Sábean quantos esta carta viren como nós, don Álvaro Gómez, abade do mosteiro de Santa Cristina, |² e prior e convento dese lugar, fazemos carta e damos en foro a vós, Afonso López de Lemos |³ e a vosa muller Viri[n]gela López, e a tres persóas apús a morte do pustrumeiro de |⁴ vós, e seja[n] quales nomear a segunda e terceira, [e] non seendo nomeadas seja quen erdar |⁵ vosos bees de dereito e non seja de maior grado que vós. Convén a saber que |⁶ vos aforamos a nosa granja d'Ousille a montes e a fontes con entradas e seídas e |⁷ perteeças por hu quer que baa su o sino de Santiago de Gondiboos, atal preito e con |⁸ diçón que o moredes e lavredes e paredes ben por vós ou por outro boo parador |⁹ como non falescan ende os novos nen o lugar con míngoa de lavor e de boo |¹⁰ paramento; e nos dedes del en cada hun ano seis coarteiros de pan dentro ena igreja de |¹¹ Seoane de Bara[n]tes medid[o]s por teega dereita de Munforte e dez moravedís por san Mar |¹² tiño de novembro; e serdes serventes e ovedientes ao dito noso mosteiro, e pagar cada persoa |¹³ a tempo de seu finamento trinta moravedís por loitosa; e vós esto co[m]príndoo, ajades este |¹⁴ dito foro como sobredito he. E nós, o dito Afonso Lóp[e]z, por nós e por a nosa muller |¹⁵ e persoas, así recibemos de vós, o dito abade e prior e convento, este dito foro, e por |¹⁶ fazéremos ben e caridade ao dito mosteiro e por tal que ajamos parte do ben que se |¹⁷ en el fezer e dizer, emprazámoslle con esta dita granja a nosa erdade [de] Santa |¹⁸ Mariña a tal condiçón que nós, as sobreditas persoas, que o teñamos e diámos |¹⁹ vos dela en cada hun ano hun moravedil. E nós, o dito abade e prior e convento, así |²⁰ recibemos de vós esta dita erdade, e aa morte do pustrumeiro de vós fiquen |²¹ estes ditos lugares livres e quitos en salvo e en paz ao dito noso mosteiro con todos |²² boos paramentos que en eles foren feitos. E quen contra esto pasar peite aa |²³ outra parte quiñentos moravedís de boa moeda; e a pena pagada ou non, a carta |²⁴ seja firme e valla en todo seu tempo.

Feita no mosteiro de Santa Cristina, oito días do |²⁵ mes de setembro, ano do nacemento de noso señor Jesucristo de mil e quatro |²⁶ centos e viinte anos. Testimuyas: Gonçalvo Pérez, prior, e Vasco Lóp[e]z d'Eiree e Gómez Parado e Diego |²⁷ Vilela e outros. E eu, Rodrigo Afonso, clérigo de Parada e notario público polo abade e |²⁸ convento eno dito mosteiro e señorío del, a todo esto que sobredito he con |²⁹ as ditas testimuya[s] presente foi e meu nome e meu sinal |³⁰ aquí puge en testimonio de verdade que he tal.

(signo) (sinatura e rúbrica: Roderi[c]us Alfo[n]sus).

Notas á edición: Formas con plicas no documento: contexto nasal: *béés* (l. 5), *bóó* (ls. 8, 9), *bóóa* (l. 23), *bóós* (l. 22); contexto non nasal (unicamente marca de hiato): *áá* (ls. 20, 22), *báá* (l. 7), *conpríndoo* (l. 13), *d'eyréé* (l. 26) *Gondibóós* (l. 7), *sééndo* (l. 4), *tééga* (l. 11), *víínte* (26). | *Viri[n]gela* (l. 3, ms. *virygela*): o <y> leva por riba un punto, que interpretamos como parte da morfoloxía da grafía (sistemática neste documento) e non con valor abreviativo da nasal implosiva, que restituímos aquí; por outra parte, non sabemos con certeza o valor fonético

do <g> nesta forma (fricativa palatal ou xa oclusiva velar), polo que non regularizamos a <gu>. | *persoas* (l. 3): o trazo supralinear é moi tenue. | *apús* (l. 3): interpretamos o símbolo abreviativo como <us> (e non <os>) de acordo co dito para a forma *pustrumeiro* presente ao final desta mesma liña. | *pustrumeiro* (l. 3): de acordo co CGPA, a forma coa vogal pretónica <u> é moito máis frecuente coa secuencia inicial *pus-* do que con *pos-* (*postrumeiro*). | *medid[os]* (l. 11): ms. medidas. | *e prior* (l. 19): esta secuencia repítese a continuación. | *boa* (l. 23): ms. bóoa. | *Testimuyas* (l. 26): ms. ts̄, o desenvolvemento baséase na ocorrencia plena da l. 29 (*testimuya*). | *testimuyo* (l. 30): ms. t̄o, o desenvolvemento baséase na ocorrencia plena da l. 29 (*testimuya*).

Documento 2

1492, setembro, 18. Santa Cristina de Ribas de Sil

O prior frei Luís e o convento de Santa Cristina de Ribas de Sil aforan a Diego de Lemos, ausente, á súa muller dona Maior de Ulloa, presente, e a tres voces máis, a granxa de Ousille e o lugar de Santa Mariña por seis cuarteiróns de pan a pagar polo mes de agosto e doce maravedís vellos por San Martiño de novembro.


A - Archivo Histórico Nacional (Madrid), Diversos-Colecciones, 208, n.º 60²². Pergamiño, orixinal, galego, gótica cursiva redonda semicaligráfica (precortesá), 290 x 193/205 mm. Mal estado de conservación, con perda de soporte na marxe dereita e esgazaduras puntuais. Varios apuntamentos ao dorso²³.

Sepan quantos esta carta de foro viren como nós, frey Luís, prior do mosteiro de Santa Cristina de Riba de Sil, [---] |² prior e combento do dito [mosteiro], estando juntos en noso cabídoe per son de campaa tangida, según que o avemos de [uso e custume, se] |³ de bacante e sin abad o dito noso mosteiro, e nós beendo que o ajuso cont[iú]do he prol e utilidad do dito [mosteiro ---], |⁴ conocemos que fazemos carta e damos a foro a vós, el señor Diego de Lemos, absente, e a vós, la señora dona Maior d'U[lloa], |⁵ moller do dito señor Diego de Lemos, por el e por vós demandante, e a outras tres personas depois do pust[rimeiro de vós] |⁶ nomeadas en esta maneira: que vós, a dita dona Maior, en vosa vida e soude ou ao tempo de voso finamento [--- nomi] |⁷ nedes a primeira persona a este foro, e esta persona que per vós for nomeada seja persona depois da morte [---]; |⁸ e aquela primeira persona que por vós for nomeada nomine a segunda, e a segunda nomine a terceira, e así [sejan nomeadas as] |⁹ personas de grado en grado per horden sucesibe,

²² O documento consérvase dentro dunha carpeta de papel, identificada co selo da colección Diversos do AHN, a cota n.º 333 e a seguinte información: Galicia - Sta. Cristina de Riba de Sil / 18 setembro 1492 / Carta de foro. Acompaña ao pergamiño unha transcripción moderna do texto, da que non ofrecemos confronto pois non ofrece variantes de interese e presenta algunhas grallas de lectura.

²³ Un rexistro de época coetánea: “Carta de foro d'Ousille que fezo o prior e os monjes; e carta de pago de Joan da Pena”. Varios rexistros en época moderna: “Galicia. Monasterio de Santa Cristina de Ribas de Sil, a 18 de setembro de 1492”; “Fuero que se iço a Diego de Lemos y a su muger doña Mayor, de la granja de Ouselle, año de 1499”; “Foro que hizo el monasterio de Riva de Sil a favor de Diego de Lemos y su muger doña Mayor del lugar de Santa Mariña, que anda junto con la granja de Outelle”.

e non seendo nomeadas que seja persona quen os bees de [vós herdar con] |¹⁰ dereito. E así mesmo por virtud de un poder e licencia que do dito voso marido nos mostrastes para de [---] |¹¹nar aforar, e nós mesmos tubemos o dito poder e licencia en nosas maos en presencia do notario e testim[uyas ---] |¹² demitição que nos fezeistes do ajuso contiúdo por vertude do d[i]to poder, combén a saber que vos aforamos, como d[ito he], |¹³ o lugar de Santa Mariña según que sempre andou con a dita granja, que he todo do dito noso mosteiro, la qual d[ita granja afo] |¹⁴ramos con todas súas casas e herdades e árbores e prados e pascos e devisos e términos e con todas súas [pertencas] |¹⁵ a montes e a fontes por donde que as aja e deva aver de dereito, e así como está marcada e devisada su os seus [---] |¹⁶ bños e según que a vos ja tragedes a jur e a mao, a tal pleito e condición que fagades morar a dita granja [---lavra] |¹⁷dor que repare e cubra as ditas casas e as teña lebandadas, e labre as herdades e teña todo en boo paramento [como] |¹⁸ se non perca por míngoia de labor e de boo paramento nin as cousas a ela pertencentes, e que defendades os custum[es que a] |¹⁹ granja sempre tubo e llas non dexedes pasar nin quebrantar nin poner outros maos custumes. E daredes [a nós] |²⁰ de renta sisa en cada un ano ao dito mosteiro [e] á mesa abacial vós e o dito señor Diego de Lemos e las personas [que suce] |²¹deren en este dito foro seis quorteiros de pan limpios do poo e de palla enno mes de agosto medidos [por tega dereita de Mon] |²²forte, e doze moravedís vellos de dereitura por día de San Martiño de nobembro; e non benderedes nen supñ[oraredes a persona algua sin] |²³ que primeiro frontedes con el ao dito mosteiro e abad e prior e monjes del, e seeredes obedientes ao dito mosteiro con as dita[s súas dereituras. E a] |²⁴ postromeira persona que fique esta dita granja e lugar libre e quite e desembargada, con tódoslos bee[s que y] |²⁵ foren feitos ao dito mosteiro cuja he. E eu, a dita dona Maior, que presente estou, por min e porlo d[ito señor Diego de Lemos] |²⁶ e porlas ditas personas, así recibo de vós, o dito prior e combento e do dito voso mosteiro, este dito foro con [as condiçoes sobreditas], |²⁷ e obrigo a min e a meus bees e do dito señor Diego de Lemos e das ditas personas de comprir e gardar e paga[r o que dito he]. |²⁸ Eu, o dito prior e combento, así voslo outorgamos como dito he. E qualquer de nós, as ditas partes, que contra est[o quiser pasar] |²⁹ que perga á parte que comprir e garda[r] dous mil moravedís vellos, los médeos á vos del rei e los médeos á parte [aguardante. E a pena paga] |³⁰ ou non, esta carta e foro e todo o en ela contiúdo seja firme e valla en todo seu tempo. E para esto [nós, prior e conven] |³¹to, obrigamos os bñes do dito mosteiro a vos fazer sao e de pas este dito foro porlo tempo e personas [en el contiúdas. E por que] |³² todo o susodito seja certo e non beña en dulta, outorgamos delo ante o notario e testimuyas de j[uso escritas



Doc. 2: Archivo Histórico Nacional (Madrid), Diversos-Colecciones, 208, n.º 60.

dúas cartas], ³³ ambas feitas en un tenor, húa para vós e outra para o dito mosteiro. E mandamos e rogamo[s a Álvaro Rodrigues de Pinol], ³⁴ notario, que as faga as máis fortes e firmes que poder, con acordo de letrado ou letrados.

Que foron feita[s e outorgadas] |³⁵ enno dito cabildo do dito mosteiro de Santa Cristina de Riba de Sil a des e oito días do mes de setembr[o, ano do nacemento] |³⁶ de noso señor Jesucristo de mil e quatrocentos e nobenta e dous anos. Testimuyas que foron presentes: [---] |³⁷ro, morador enno alfoz de Chantada, e Rodrigo Crespo e Juan de Froján, moradores enna fleguisía de [---].

|³⁸ [*signo*] E eu, Álvaro Rodrigues de Pinol, notario púbrico da d[---] |³⁹ púbrico porla abtoridad apostólica, a todo esto que [dito he] |⁴⁰ con as ditas testimuyas presente foi e p[or mandado das] |⁴¹ ditas partes este púbrico instrumento por mia [mao ---] |⁴² e suescriví, e aquí meu sino e nome [puge] |⁴³ en testimuyo de verdade que tal he.

[... Non em] |⁴⁴ pença onde bai escrito entre rego[es ---] |⁴⁵ así ha de dezir.

(*sinatura e rúbrica*) Álvaro Rodrigues, notario ap[ostólico].

Notas á edición: *maos* (ls. 11, 19): ms. maaos. | *mao* (l. 16): ms. maa. | *boo* (l. 17): ms. bóo (con trazo sinuoso, interpretado como plicas). | *nobembro* (l. 22): a forma foi corrixida, sobre un <n> erróneo inicial (*non-*) escribiuse un (*nob-*). | *supiñ[oraredes a persona alguá sin]* (l. 22): restitución baseada en Fernández de Viana y Vieites 1995: 250 (doc. 199, a. 1479). | *abad* (l. 23): ms. ababad. | *obedientes* (l. 23): engadido na entreliña superior. | *á parte [aguardante. E a pena paga]* (l. 29): restitución baseada en Fernández de Viana y Vieites 1995: 270 (doc. 211, a. 1493). | *do* (l. 31): engadido na entreliña superior. | *sao* (l. 31): ms. sáo (con trazo sinuoso, interpretado como plicas). | *de* (l. 45): repítese a continuación. | ls. 38-45: a notificación notarial (autógrafa) presenta unha letra distinta, máis cursiva (modalidade usual ou corrente), á do corpo do documento.

Documento 3

1506, maio, 6. Santa Cristina de Ribas de Sil

Frei Cristóbal de Salazar, presidente de Santa Cristina de Ribas de Sil, co outorgamento dos monxes do citado mosteiro e cun poder de frei Pedro de Zamora, presidente de Celanova, que se copia ao final do documento, afora ao escudeiro Pedro Saco, á súa muller Elvira López e a catro voces máis despois deles, o lugar de Cimadevila, sito en Santa María de Bolmente, e o lugar homónimo de Cimadevila, en Vilabade, cada un deles coa obriga de satisfacer determinadas rendas que se especifican no contrato.

A - Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña), Colección de documentos en pergamino, n.º 253²⁴. Pergamiño, orixinal, castelán (con galeguismos), gótica cursiva redonda usual (cortesá), 290 x 315 mm. Regular estado de conservación, con manchas de humidade e tinta esvaída. Varios apuntamentos ao dorso²⁵.

²⁴ Pódese acceder á reprodución do documento no portal *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*: <<http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=294776>>.

²⁵ Un rexistro de época coetánea: “Carta del monasterio de Santa Cristina de Riba de Sil del lugar de Cimadevila”. Varios rexistros en época moderna: “Fueros de Antonio de Valcarce”; “Parte de la [...]”; “Fueros de Antonio de Balcalce”.

Sepan cuantos esta carta de foro vieren como yo, fray Cristóbal de Salazar, pressidente del monasterio de Santa Cristina de Riba de Sil, con |² otorgamiento de los monjes del dicho monasterio, estando en nuestro capítulo por son de campana tañida según que lo abemos de uso e costum |³bre, fazemos carta e damos a foro a bós, el honrado Pedro Saco, escudero, que sois presente, e a vuestra mujer Elvira López, ab |⁴sente, e a cuatro voces después del postrimero de bós ambos: la primera cual nombrades al tiempo de vuestro finamiento, la segunda |⁵ que sea boz aquella que nombrar al tiempo de su finamiento la que por bós fuer nombrada, e así bayan las dichas cuatro bozes nombradas |⁶ de grado en grado²⁶ por orden sucesibe; e non las nombrando que sean aquellas que más por derecho heredaren vuestros vienes que non |⁷ sean de mayor grado nin linaje que bós. Combienne a saber, como dicho es, que bos aforamos el lugar de Cimadevilla, que es sito |⁸ en la freigrisía de Santa María de Bulmente, que fue de Mateo e de Juan de Carballo, e así mesmo bos aforamos el lugar |⁹ de Cimadevilla que jaz en Villabade, el cual dicho lugar fue bendido sin licencia del dicho monasterio de Santa Cristina y por siempre |¹⁰ de recobrar le recobramos, y por este caso lo aforamos a bós, el dicho Pedro escudero e vuestra mujer y bozes, con todas sus entradas e salidas |¹¹ a montes e font[e]s, pascos, jures e derechos e premicias, e con todas las otras cosas a ellos pertenecientes, con tal condición que los la |¹²bredes e moredes e reparedes en tal manera que non se pierda con mingua de reparo y labor; y darés de renda cisa en cada un año |¹³ del lugar de Cimadevilla de Vulmente ocho tegas de centeno e una de millo y otra de trigo puesta en la tulla, y por po e |¹⁴ palla e carnero e capones e derechos ciento e cinquenta maravedís pares [de blancas], pagos por Sant Martiño de nobembro; y del otro lugar |¹⁵ de Cimadevilla de Vilabade darés cada un año de renda cisa doze tegas de pan e una de millo, e por carneros e capones |¹⁶ e derechos dos reales a sesenta y ocho maravedís pares de blancas, el pan pago por el mes de agosto e posto en la tulla sin |¹⁷ que pleito e contienda non los poudáis bender nin enajenar sin ser primeramente nós rogados con ellos; e vós non lo que |¹⁸rendo por el justo precio, que entonce los bendáis y enagenéis a persona igual de bós e de menor grado que bos an pagar vuestro |¹⁹ foro. E yo, el dicho Pedro Saco, por mí e mi mujer y bozes así lo recibo de bós, el dicho presidente e monjes, estos dichos foros, y |²⁰ obligo a mí e mis bienes de lo así cumplir e guardar, como dicho es. E yo, el dicho presidente e monjes, así bos lo otorgamos |²¹ e obligamos los bienes del dicho monasterio para bos los defender a derecho. E cualquier de nós, las dichas partes, que contra esto fuer |²² que pierda de pena, postura [e] interese dozientos maravedís; y la pena paga o non, esta carta de foro balga e sea firme en

²⁶ A continuación repítase a secuencia “en grado”.



Doc. 3: Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña), Colección de documentos en pergamino, n.º 253.

todo su tiem²³po. E por que non benga en duda, mandamos al notario infra escrito que faga d'ello dos cartas ambas en un tenor e partidas por²⁴ abc que firmó, fechas y otorgadas en el monasterio de Santa Cristina dentro del cabildo, a seis días del mes de mayo del²⁵ año del Señor de mil e quinientos seis años. Testigos que estaban presentes: Ares Díez, clérigo de Santa María de Chão²⁶ de Igleja; e Álvaro de Meras, clérigo de Santa Marina de Parada; e Afonso de Pu[...]on y otros. Y todo esto así fazemos por virtud²⁷ de un poder que tenemos del presidente de Celanoba, el tenor del cual es este que segue:

Yo, Juan Morales, notario, ²⁸ doy fee en testimonio de verdad en cómo estando el reverendo padre fray Pedro de Çamora, presidente del monasterio de Çelanoba en el monasterio ²⁹ de Sant Esteban de Riba del Sil, dio poder al padre fray Cristóbal de Salazar por sí dentro del monasterio de Santa Cristina para que fizie³⁰ se cualesquier foros pertenecientes al dicho monasterio de Santa Cristina, encargándole la conciencia. Testigos: fray Juan ³¹ de Santa Gadea (?) y Juan del Otero y otros. Juan Morales, notario.

E yo, fray Juan, notario del monasterio de Santa Cristina e coto d'él |³²
por el presidente e monjes, doy fee d'esto en testimonio de verdad [e] fize
aquí este mío signo e nombre acostumbrado que tal es.

[signo] [sinatura e rúbrica] F[r]ay Juan, notario.

[sinatura e rúbrica] Frater Cristoforus, pressidens.

[sinatura e rúbrica] Frater Rodericus.

Notas á edición: *en grado* (l. 6): repetido a continuación.

Anexo

1402, setembro, 18. Segovia

Don Fadrique, conde de Trastámara, atende á solicitude do abade do mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil e manda ás autoridades de Monforte de Lemos que non esixan nin impoñan pedidos nin tributos aos que morasen e labrasen a granxa de Ousille, que pertencía ao mosteiro e que corría o risco de quedar despoboadá.

A - Archivo Histórico Nacional (Madrid), Clero Secular-Regular, carp. 1562, n.º 11²⁷. Pergamiño, orixinal, castelán, gótica cursiva redonda caligráfica, 205 x 407 mm. Bo estado de conservación, algunhas engurras. Varios apuntamentos ao dorso²⁸.

Ed. - Rodríguez Muñiz 2010: 182-183 (doc. 88)²⁹.

Yo, don Fadrique, conde de Trastamar, fago saber a vós, el concejo e alcaldes e procurador, ombres buenos de la mi villa de Monforte de Lemos, los que agora son o fueren de aquí adelante, e a cualquier |² o cualesquier de vós que esta mi carta viéredes o el traslado d'ella signado de escrivano público, que el abat del monesterio de Santa Cristina de Riba de Sir me dixo qu'el dicho monesterio tenía un |³ lugar en la feligrisía de Gondiboos que llamavan la granja d'Ouille, que es en término de la dicha villa, et dize que en cuanto se el dicho lugar, granja e heredades d'ella lavravan por los ombres |⁴ serviciales del dicho monesterio, que non pechavan tributos nin pedidos nin otros pechos de pan nin de vino nin de carne nin de dinero nin de otra cosa alguna. Et dize que por algunos menesteres e otros nego |⁵cios que recre-

²⁷ Pódese acceder á reprodución do documento no *Portal de Archivos Españoles*: <<http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/6995957>>.

²⁸ Un rexistro de época coetánea: “Carta de Ousele”; outro posterior dos sécs. XV-XVI: “Privilegio de merced del señor conde de Lemos para el casero que bibe en la granja de Ousille, perteneciente a Santa Cristina, no pague pecho ni pedido ni otra cosa alguna” (a continuación, outra man apuntou: Cajón 10. San Estevan de Rivas del Sil).

²⁹ Indicamos a continuación as diverxencias máis relevantes da nosa edición (en itálico) con respecto á transcripción de Rodríguez Muñiz 2010: *alcaldes* (l. 1) > *alfoz, dicho* (l. 4) > *om.*, *monjes* (l. 5) > *seruiciales, deviendo* (l. 6) > *auiendo, de* (l. 7) > *en, para* (l. 10) > *por, d'Ouille* (l. 11) > *d'Ousille, al* (l. 11) > *el, adelante* (l. 12) > *adiante, vaya* (l. 12) > *vayan, a esa* (l. 12) > *desa, e* (ls. 12, 18) > *om.*, *veluntat* (l. 14) > *voluntad, tribuctos* (l. 14) > *tributtos, serventía* (l. 13) > *seruentias, esa* (l. 15) > *de, repartido* (l. 16) > *requerido, ello* (l. 16) > *elo, e mando* (l. 17) > *demandando, perjuizio* (l. 17) > *por juizo, merinos* (l. 18) > *meirynos, a qualesquier* (l. 19) > *quales quier, a quien* (l. 19) > *o a quien, felegrisia* (l. 20) > *feligrisia, para siempre* (l. 20) > *por senpre, setiembre* (l. 22) > *septenenbre (sic)*, etc.

cieron al dicho monesterio e monjes d'él, que non pudieron lavar el dicho logar e granja e que pusieron aí un lavrador que lo lavrase; et después qu'el dicho lavrador aí estudo, que vosotros |⁶ que repartistes en él los dichos pechos e pedidos e servicios, e los llevastes d'él non los deviendo él nin siendo tenudo de los pagar, de lo cual se ha seguido al dicho abat e monesterio grant costa e pérdida |⁷ e daño, e demás el dicho logar e granja vanse a despoblar cada'l día, e él non á dende otras rentas nin derechos algunos segunt que solía, sinon muy pocos. E pediome que sobr'ello lo proveyese de |⁸ remedio con derecho, e yo tóvelo por bien, lo uno por servicio de Dios e por qu'el dicho abat e monjes del dicho monesterio ruegen a Dios por el ánima del conde mi padre, que Dios perdone, e por la |⁹ mi vida e salut, et otrosí por fazer bien e mercet al dicho monesterio. Es mi mercet qu'el dicho logar e granja d'Osille nin el lavrador que aí morar, que non pague pechos nin pedidos nin tributos nin fanegas |¹⁰ nin servicios de pan nin de vino nin de carne nin de dineros nin de otra cosa alguna, nin vaya a serventía alguna agora nin de aquí adelante para siempre jamás, por que vos mando que non pon|¹¹gades e nin repartades pechos nin pedidos nin fanegas nin servicios de pan nin de vino nin de carne nin de dineros nin de otra cosa alguna en el dicho logar e granja d'Osille, nin al |¹² dicho lavrador que en ella agora mora o morare de aquí adelante, e nin que vaya a serventía alguna a esa dicha villa e nin lo prendedes por ello a él nin a sus bienes agora e nin de aquí adelante para siempre jamás; ante vos |¹³ mando que lo ayades por quito e exsento de todo ello, segunt dicho es, et los unos nin los otros non fagades ende ál por alguna manera so pena de la mi mercet e de seiscientos maravedís para la mi cámara a cada uno, ca mi mercet |¹⁴ e veluntat es que la dicha granja e el lavrador que en ella mora o morare de aquí adelante que sea quito e excusado e exsento para siempre jamás de todos los dichos pechos e pedidos e servicios e tributos e fanegas e serventía, |¹⁵ et de todas las otras cosas que yo oviere de aver e a mí esa dicha villa e término me ovieren a dar o yo embiare demandar agora e de aquí adelante en cualquier manera; et que lo non paguen nin sea en ello puesto nin |¹⁶ repartido cosa alguna de las sobredichas nin sea llamado para ello. Et esto sin embargo de carta nin de cartas que yo aya dado o diere en contrario d'ello a vós, el dicho concejo, o a otro alguno, que yo las revoco e dó por |¹⁷ ningunas e mando que non valan e nin fagan perjuizio nin embargo a esta dicha mercet que yo fago al dicho monesterio, segundo dicho es. Et por esta mi carta, mando a Juan Alfonso, mi alguazil mayor, o a otro cualquier que por mí e |¹⁸ por él tobiere el castillo de la dicha villa de Monforte agora e de aquí adelante, e a los otros alcaldes, juezes, justicias, merinos de todo el mi condado e señorío, así a los que agora son como a los que serán de aquí adelan|¹⁹te, e a cualquier o a cualesquier d'ellos a quien esta mi carta fuer mostrada o el dicho su traslado signado, que defiendan e guarden al dicho abat e su monesterio con esta mercet que le yo fago, et non



Anexo: Archivo Histórico Nacional (Madrid), Clero Secular-Regular, carp. 1562, n.º 11.

consientan que vós, el dicho concejo, |²⁰ e procurador e ombres buenos e nin lavradores de la dicha felegrisia nin cada uno de vós nin otro alguno, le vayan nin pasen contra ella nin contra parte d'ella en alguno tiempo por alguna manera de aquí adelante para siempre jamás, |²¹ antes que gela tengan e guarden en todo segundo que en esta mi carta es escrito e contenido, et non fagades ende ál so la dicha pena. Et d'esto le mandé dar esta mi carta sellada con mi sello en que escriví mi nombre.

Fecha en la cibdat |²² de Segovia, dez e oito días de setiembre, año del nacimiento de nuestro señor Jesucristo de mil e cuatrocientos e dos años.

[sinatura autógrafa] Yo, el conde.

Notas á edición: Yo (l. 1): a capital inicial, profusamente decorada (en cores verde, vermella e azul), ocupa 11 unidades de pautado; a poscapital, con decoración interna (verde e vermella) ocupa 2 unidades de pautado. | conde (l. 1): O <C> aparece decorado de igual maneira que a poscapital e tamén ocupa 2 unidades de pautado; as restantes capitais, repartidas ao longo do documento, presentan resaltes en vermello (e tamén en verde nalgúns casos). | *alcaldes* (ls. 1, 18): ms. allēs (cf. *alcalles* en Rodríguez Muñoz 2010). | *monesterio* (ls. 2, 4, 5, 6, 8, 9, 17, 19): ms. monst'io. | *dez e oito días* (l. 22): trátase dunha adición (en galego) doutra man sobre un espazo en branco.

4. Bibliografía

- Barriocanal López, Yolanda (2004): *Un mosteiro da Ribeira Sacra. Santa Cristina de Ribas de Sil*. Ourense: Grupo Marcelo Macías.
- Bouzas Rosende, Paula (2016): *Documentos galegos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (século XV)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (*Gallaeciae Monumenta Historica*), <http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2016_Documentos-galegos-do-mosteiro-de-Santo-Estevo-de-Ribas-de-Sil-seculo-XV.pdf> (última consulta: 22/08/2020).

- CGPA = Varela Barreiro, Xavier (dir) (2015-): *Corpus Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <<http://ilg.usc.gal/cgpa/>> (última consulta: 06/11/2020).
- CHARTA = Almeida Cabrejas, Belén (coord): *Corpus Hispánico y Americano en la Red: Textos Antiguos*. Alcalá de Henares: Universidad, <<http://www.corpuscharta.es/>> (última consulta: 22/08/2020).
- CODEA = Sánchez-Prieto Borja, Pedro (coord.): *Corpus de documentos españoles anteriores a 1900*. Alcalá de Henares: Universidad, <<http://corpus-codea.es/>> (última consulta: 22/08/2020).
- EGPA-doc = Pichel, Ricardo; Varela Barreiro, Xavier (dirs.) (2019-): *Escritorio Galego-Portugués Antigo. Textos documentais*. Santiago de Compostela / Universidad de Alcalá: Instituto da Lingua Galega.
- Fernández García, Patricio (2003): “La memoria epigráfica del monasterio de Santa Cristina de Ribas de Sil: sus inscripciones medievales”, *Boletín Auriense* XXXIII, pp. 185-208.
- Fernández Suárez, Elisa (1958): *El monasterio de Santa Cristina de Ribas de Sil*. Memoria de licenciatura inédita. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2 vols.
- Fernández Suárez, Elisa (1974): “El monasterio de Santa Cristina de Ribas de Sil”, *Boletín Auriense* IV, pp. 7-66.
- Freire Camaniel, José (1998): *El monacato gallego en la Alta Edad Media*. Tomo II. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- García-Fernández, Miguel (2018): “Un foro outorgado por Afonso de Moure, xuíz de Chantada (1496): estudo e edición dun documento complementario á colección diplomática de San Salvador de Asma”, *Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño Medio* IV, pp. 43-71, <https://www.academia.edu/39614172/Un_foro_outorgado_por_Afonso_de_Moure_xu%C3%ADz_de_Chantada_1496_estudo_e_edici%C3%B3n_dun_documento_complementario_%C3%A1_colecci%C3%B3n_diplom%C3%A1tica_de_San_Salvador_de_Aasma> (última consulta: 22/08/2020).
- García-Fernández, Miguel (2019): “«Dominae viatrices». Viajes y desplazamientos de las mujeres nobles en la Galicia medieval”, *Medievalismo* 29, pp. 175-214, <<https://doi.org/10.6018/medievalismo.406861>> (última consulta: 22/08/2020).
- García-Fernández, Miguel (2021): “Nin santas, nin pecadoras; ou todo e máis. Da condición feminina ás voces e actuacións das mulleres na documentación medieval galega”, en Ricardo Pichel (ed.): *«Tenh’eu que mi fez el i mui gram bem». Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*. Madrid: Sílex (no prelo).

- Lorenzo, Ramón e Maka Pérez (colab.): *Mosteiro de Montederramo. Colección documental e índices*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (*Gallaeciae Monumenta Historica*), <http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2019_Mosteiro-de-Montederramo-Coleccion-documental-c-indices.pdf> (última consulta: 22/08/2020).
- Martínez Sueiro, Manuel (1914-1915): “Diego de Lemos (continuación)”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* V, 99, pp. 70-72; V, 101, pp. 90-94; V, 102, pp. 109-111; V, 103, pp. 121-128; V, 104, pp. 136-143.
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2011): “Los López de Lemos, señores de Ferreira y Sober. El linaje y sus parentelas en los siglos XIII al XVI”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* LVIII, n.º 124, pp. 111-148, <<http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/view/245>> (última consulta: 22/08/2020). Reeditado en Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2012): *De linajes, parentelas y grupos de poder. Aportaciones a la historia social de la nobleza bajomedieval gallega*. Madrid: Fundación Cultural de la Nobleza Española, pp. 281-322 e Táboa VI, <<https://digital.csic.es/handle/10261/211461>> (última consulta: 22/08/2020).
- Pérez Rodríguez, Francisco Javier (2019): *Los monasterios del reino de Galicia entre 1075 y 1540: de la Reforma gregoriana a la observante*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 2 vols. (Anejos de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLVII).
- Portela Silva, Ermelindo (1981): *La colonización cisterciense en Galicia (1142-1250)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Ríos Rodríguez, María Luz (1993): *As orixes do foro na Galicia medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Rodríguez Muñiz, Víctor (2010): *O mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil na Idade Media*. Ourense: Grupo Marcelo Macías, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (*Boletín Avriense*, Anexo 32).